



**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**Mesa de Contratación.** Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)  
Paula Álvarez Fernández (vogal: Intervención)  
Juan Ramón Costas Núñez (vogal asesoría xurídica)  
José Javier Rivera Martínez (secretario)

Previa convocatoria ao efecto, reúnese a Mesa de contratación ás 12:00 horas do 21/12/2020, nas dependencias de contratación para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Exame da garantía definitiva e da xustificación do cumprimento dos requisitos previos para contratar e, no seu caso, proposta de adxudicación, correspondente ás seguintes licitacións:

— CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E TRÁMITE ORDINARIO, DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO FURGÓN CON REMOLQUE PARA O SERVICIO DE EX-TINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTOS DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2020027252)

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 11/12/2020, acordou:

“Primeiro.- Avaliar e clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación e os criterios de desempate previstos non prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da subministración dun vehículo furgón con remolque para o Servizo de extinción de incendios e salvamentos do Concello de Ourense (expediente 2020027252) na seguinte orde decrecente:

NÚM	EMPRESA	Total
1	Flomeyca SA	84,99
2	Rosenbauer Española SA	45,82





Concello de  
**OURENSE**

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3  
32005-Ourense  
Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494  
e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

Segundo.- Requirir a Flomeyca SA, titular do NIF A80515810, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación acreditativa de ter depositado na Tesourería municipal a garantía definitiva, por importe de 5% do prezo ofertado, IVE excluído (6.389,46 €) en calquera das formas previstas no artigo 108 da Lei 9/2017, de contratos do sector público (LCSP), e para que en idéntico prazo achegue a documentación que establece o artigo 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, acreditativa do cumprimento dos requisitos previos aos que alude o artigo 140 da LCSP”.

**Segundo.-** Na data 11/12/2020 efectuouse a notificación á empresa dos referidos acordos, presentando a documentación requirida a través da sede electrónica do Concello na data 15/12/2020 (nº rexistro WEB2020019629), dentro do prazo conferido.

**Terceiro.-** Consta incorporado ao expediente, de oficio, certificado positivo acreditativo da inexistencia de débedas de carácter tributario co Concello de Ourense (CÓDIGO CSV: LDWI0ZS66FB6ZUHC).

**Cuarto.-** Comprobase que a empresa achegou toda a documentación esixida:

— Depósito da garantía definitiva na Tesourería municipal: por importe de 6.389,46 € (nº operación 202000065819)

— Personalidade da empresa: Escritura pública outorgada ante o notario de Madrid José Ignacio Navas Oloriz, en substitución de José Ordóñez Cuadros, na data 12/07/1999, de transformación de Sociedad Anónima Laboral a Sociedad Anónima...e nova redacción dos estatutos sociais da entidade, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid.

— Representación: Escritura pública outorgada ante o notario de Madrid M<sup>a</sup> del Pilar López Martínez, na data 1/03/2019, de acordos sociais (elección de conselleiros, distribución de cargos e delegación de facultades), bastantada pola asesoría xurídica municipal.

— Alta IAE: Declaración responsable e acreditación do pagamento do último recibo (epígrafe 6541)

— Inexistencia de débedas tributarias e coa Seguridade Social: Certificado ATRIGA (csv: FE3D 5378 9A66 2A33); certificado AEAT (csv: 9HECX7PZJK7582MQ) e certificado SS (Id cea: 5DE1111CD8UM)

— Solvencia económica: Contas anuais 2019 (volume de negocio: 3.679.691,76 €).

— Solvencia técnica: mediante relación de traballos e certificados de boa execución por importe superior ao importe da licitación. Achéganse os certificados ISO 9001 e 14001.

— Obxecto social: Cumpre

— Prohibicións para contratar: Non constan

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a





Concello de  
**OURENSE**

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3  
32005-Ourense  
Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494  
e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación.

No presente caso a oferta de Flomeyca SA, é a máis vantaxosa economicamente cunha baixa sobre o prezo de licitación do 17,00%.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade elevar á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de adxudicación, de conformidade co disposto no artigo 157.1 da LCSP e o artigo 16 do PCAP, condicionada á fiscalización favorable da Intervención municipal:

“Primeiro.- Adxudicar a Flomeyca SA, titular do NIF A80515810, o contrato da subministración dun vehículo furgón con remolque para o Servizo de extinción de incendios e salvamentos do Concello de Ourense (nº expediente 2020027252), de acordo co prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada, por resultar a oferta economicamente máis vantaxosa, por un prezo de 127.789,13 €, de principal, e 26.835,72 €, en concepto de IVE, para un total de 154.624,85 €, cunha baixa do 17% con respecto ao orzamento de licitación.

<b>Financiamento:</b>	<b>Anualidade</b>	<b>Total</b>	<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Nº operación A</b>
	2020	154.624,85 €	240.1360.62400	202000048381

Segundo.- Dar traslado á Tesourería municipal do acordo precedente aos efectos contables oportunos”.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

O Interventor expón que asina a acta como membro da mesa pero non na súa función como interventor, porque cos datos dos que dispón nestes momentos, non pode formular a fiscalización.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

